

A ESCOLA DA VIDA

Consellos para escoller un xoguete

19.12.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Que dúbida cabe de que o Nadal son as vacacións máis desexadas polos nenos, pois á non asistencia ás clases engádeselle o precepto de poder obter xoguetes sen ter que facer moitos esforzos, máis alá do de *Eu fun bo, mamá*. Pero se eles dispoñen do dereito de pedir, aos pais quedálles a obriga de dar. Tremendo panorama. Elixir un xoguete que reúna as condicións de ser desexado, seguro, acorde coa súa personalidade e que non o aparque ao cabo de pouco tempo, require de moita imaxinación. A estas condicións hai que engadirllas as dos propios pais. Entre outras, están as de que non se lles escape do seu orzamento, que non sexa ruidoso ou que non sexa caro de manter, e, se pode ser, que tamén eles poidan gozar nalgún momento do seu uso.

Todos sabemos das longas listas que fan os nenos: ¡quérenos todos! Por iso, débeselle dedicar algún tempo a avaliar por que os queren. Comprarlles un capricho é unha forma de tirar os cartos e non compensarlles ningunha necesidade. Ademais, o exceso de xoguetes mata a fantasía e produce aburrimiento. Máis vale que sexan poucos e ilusionantes, que moitos e que vaian encher o rocho.

Outro dos sufrimentos dos pais é pensar no que lle van regalar os outros familiares: duplicidades, xoguetes grandes que non caben na casa, xoguetes descompensados para a súa idade... e, ademais, moitos, moreas.

Así as cousas, a racionalidade da elección do xoguete di que este ten que desenvolver as actitudes correspondentes á idade do rapaz e, á vez, minorar aquelas eivas que poida ter. Por exemplo, un neno tímido necesitará de xogos que impliquen o contacto con outros, como poden ser os xogos de mesa nos que participan varios xogadores; mentres que a un neno máis activo lles resultarán máis axeitados aqueles que lle permitan entreterse centrando un pouco máis a súa atención.

Este ano, debido á crise, os xoguetes van ser máis sinxelos, pero non por iso menos divertidos, pois os xoguetes máis simples piden unha maior imaxinación, e diso, a maioría, andan sobrados.

Por iso, e porque non todos os consellos que se lles poden dar aos pais caben neste breve espazo, recoméndolles que busquen información a través de internet ou a través dos dependentes das xogueterías ou na páxina www.apega.org. E cun pouco de axuda, quizais este ano consigamos facer o agasallo esperado e desexado polo noso neno ou nena.